




21. Deseña no teu caderno unha liña do tempo como a que aparece no exemplo. Na parte superior da liña sitúa os períodos históricos do século XIX que estudamos nesta unidade. Na parte inferior, sitúa os principais personaxes e acontecementos históricos de cada período:



22. Copia as seguintes afirmacións no teu caderno e completa correctamente os espazos coas palabras do recadro:

- Durante a guerra da Independencia reuníronse en Cádiz as _____, que aprobaron a _____ de 1812.
- A _____ de 1868 destronou a Isabel II e durante o _____ sucedéronse varios sistemas de goberno, como a _____ e a _____.
- Unha das principais transformacións económicas foi o lento proceso de _____ iniciado a partir de 1830.
- Na _____ as persoas pertencían a unha ou outra clase en función da súa riqueza. Nesta nova organización social destacaron a _____ e o _____.

burguesía
Constitución
Cortes
industrialización
monarquía
proletariado
república
Sexenio Democrático
sociedade de clases
Revolución